

A photograph of a forest landscape. In the foreground, a dirt path leads through a grassy field. The background is filled with tall evergreen trees and some deciduous trees with autumn-colored foliage. The image is framed by a large green semi-circle on the left side.

Guía de Boas Prácticas Forestais

XUNTA DE GALICIA

A decorative graphic at the bottom of the page, consisting of several curved, overlapping green lines of varying shades, resembling a stylized landscape or a series of waves.



Introdución

Nos últimos anos, a necesidade de producir cada vez máis materias primas a prezos máis competitivos acelerou a intensificación da agricultura, a gandería e a silvicultura. Isto pode traer consecuencias moi negativas para o medio natural, debido principalmente á mala xestión dos recursos e ao uso abusivo de fitosanitarios e fertilizantes.

Na actualidade, a UE e os seus Estados membros tratan de desenvolver estratexias de mellora que integran medidas de protección ao medio natural, de maneira que poidan manterse os recursos que nos ofrece a natureza e garantir a propia produción agrícola e forestal para as xeracións futuras.

O proxecto Life+ Margal-Ulla



O programa europeo **Life+ Natureza e Biodiversidade** é un exemplo destas estratexias de protección do medio natural. Neste marco desenvólvese o Proxecto Life+ Margal-Ulla para a mellora da calidade ambiental da bacía

do río Ulla e a recuperación de dúas das súas especies máis vulnerables: a **toupa de río (*Galemys pyrenaicus*)** e o **mexillón de río ou náiaide (*Margaritifera margaritifera*)**. Esta guía pretende fomentar as boas prácticas agrícolas, gandeiras e forestais, de maneira que poidamos entre todos contribuír á conservación dos seus hábitats e reducir o impacto destas actividades sobre o medio natural.



Sabías que...?

Tanto o mexillón coma a toupa de río son indicadores do estado de saúde dos nosos ríos.

Mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*)



Que son as Boas Prácticas Forestais?

As Boas Prácticas Forestais (BPF) son un conxunto de técnicas e metodoloxías de traballo que serven de referencia aos profesionais do sector forestal no desenvolvemento da súa actividade, co fin de contribuír a acadar a **viabilidade económica, a sostibilidade ambiental e a aceptación social** dos aproveitamentos nos montes.

As BPF propóñense como un conxunto de recomendacións para o mellor uso dos recursos que ofrece o monte, adaptándose na medida do posible ás condicións locais. Esta sensibilización contribuirá a un **desenvolvemento rural equilibrado**, acadando procesos nos que “todos saímos gañando”, xa que **melloran o rendemento e a produción, a seguridade ambiental e a dos traballadores**. É por isto polo que están dirixidas tanto aos propietarios coma aos xestores do monte.

Como afectan as actividades forestais ao medio natural?

1 Erosión e perda da fertilidade dos solos

A erosión do solo é a desagregación e posterior perda da capa superficial máis fértil da terra pola acción da auga ou do vento. Débese principalmente á falta de cuberta vexetal, ao mal uso dos terreos para os cultivos, aos incendios forestais ou á deforestación dos montes. A súa degradación tamén se asocia a outros fenómenos negativos, como a compactación ou a perda de nutrientes.



Os procesos erosivos supoñen a diminución gradual da capacidade produtiva dos solos. **A súa rexeneración natural é un proceso moi lento (centos de anos).**

e que...

Actualmente as súas poboacións corren perigo de desaparecer debido á deterioración dos seus hábitats.

Toupa de río (*Galemys pyrenaicus*)



2 Contaminación das augas

Unha gran concentración de **fertilizantes, fitosanitarios ou partículas finas** provenientes dos solos agrícolas e superficies forestais queimadas, van parar ás augas subterráneas e superficiais da nosa contorna. Estes nutrientes potencian o crecemento de algas e microorganismos que alteran os parámetros fisicoquímicos da auga, e favorecen fermentacións que dan lugar a malos cheiros e á alteración do ecosistema acuático.

As partículas finas dos solos erosionados ou as cinzas dos incendios forestais enturban os ríos, o que crea importantes problemas no normal desenvolvemento de moitas especies de fauna acuática, que rematan vendo reducidas as súas poboacións de xeito importante por falta de alimento ou alteracións nos seus ciclos reprodutivos.

Un monte ben coidado asegura as reservas de auga de calidade e prevén a contaminación ao actuar como sistema de depuración natural.

Sabías que...?

O mexillón de río filtra grandes volumes de auga axudando a manter os ríos limpos. A diminución das poboacións de salmónidos é unha das principais causas da súa desaparición, xa que interveñen no seu ciclo reprodutivo.



A toupa de río é un mamífero endémico da nosa península. É insectívora e está adaptada á vida acuática e terrestre, o que a fai unha especie única no seu xénero.



3 Cambio climático

Cando falamos de “cambio climático” referímonos á **variación global do clima da terra**: temperaturas, precipitacións, ventos e outros fenómenos atmosféricos. **O cambio climático é provocado pola acumulación excesiva na atmosfera dos chamados gases de efecto invernadoiro ou GEI**, que reteñen a enerxía do sol provocando a subida das temperaturas no Planeta.

Os montes serven como paliativo deste fenómeno, **xa que actúan como fixadores do carbono atmosférico** (máis canto máis novo é o monte). Ao mesmo tempo, un dos seus principais subprodutos, a madeira, “secuéstrao”, eliminándoo de forma permanente sempre que non se someta a un proceso de combustión.

4 Perda de biodiversidade e degradación dos hábitats

A biodiversidade defínese como a pluralidade dos seres vivos (microorganismos, plantas e animais) para interactuar entre si. A súa importancia enténdese ao analizar a dependencia entre os seres vivos (sexan ou non da mesma especie) co seu hábitat, elemental para a súa subsistencia. A desaparición dunha especie en particular pon en perigo a existencia de moitas outras.

A biodiversidade está sometida a un constante cambio debido á propia evolución das especies. Non obstante, **a extinción dun determinado hábitat provoca a morte de centos de individuos ou incluso especies**. Esta destrución adoita ser producida polo home (contaminación, infraestruturas, cortas indiscriminadas, etc.).

Os bosques ofrécennos unha ampla gama de bens e servizos grazas á biodiversidade. Por iso debemos procurar a súa conservación e mantemento, mellorar a capacidade produtiva (madeira e produtos non madeireiros), manter a fauna e flora silvestres, así coma os seus hábitats, e protexer os solos e as bacías hidrográficas.



Que podemos facer?




Boas Prácticas Forestais

- ✓ Os recursos naturais renovables son unha riqueza moi importante que hai que saber utilizar e aproveitar de forma sostible.
- ✓ **Aproveitar de maneira sostible.** Significa que o aproveitamento se realiza de **forma que satisfai as necesidades presentes garantindo as das xeracións futuras.** Así asegúrase a renovación do recurso natural e con isto a continuidade do aproveitamento. Dende un punto de vista técnico, este concepto defínese como “xestión forestal sostible”, que asegura **a viabilidade do monte dende os aspectos: ambiental, económico e social.**
- ✓ **Xestionar de maneira sostible.** Esta xestión acredítase mediante o cumprimento dun documento técnico que planifica as actuacións que se van realizar ao longo do tempo nun terreo forestal concreto. Cada xestor xustificará o seu cumprimento.

Sabías que...?

A aplicación das Boas Prácticas Forestais non só favorece o medio natural, senón a vostede mesmo, xa que aforrará en insumos e enerxía, aumentará o rendemento dos montes e mellorará a calidade dos seus produtos.





Recibir asesoramiento profesional cualificado

Coñecer e cumprir a lexislación vixente


Aplicar as Boas Prácticas Forestais

Como propietarios

- ✓ A planificación das actuacións forestais precisa de superficie cunhas dimensións que axuden a optimizar os investimentos e minimizar gastos. **É recomendable que os pequenos propietarios se informen dos instrumentos dispoñibles para que, sen perder a propiedade, se acade unha superficie forestal que facilite a súa xestión técnica** (por exemplo, mediante sociedades de fomento forestal ou a concentración parcelaria de terreos forestais).
- ✓ Todo propietario público ou privado, individual ou colectivo, debe **dispor dun instrumento de ordenación ou xestión forestal**, ou ben planificar a xestión dos seus montes aplicando as boas prácticas e modelos silvícolas adecuados.
- ✓ **A certificación forestal garante que a xestión dun terreo forestal se realice cumprindo uns criterios de sostibilidade.** Esta acreditación é voluntaria e será realizada por unha entidade certificadora independente. É recomendable dispor dela, especialmente se o aproveitamento principal é a madeira.

Como xestores

- ✓ É importante **planificar as actuacións no tempo e no espazo**, así como coñecer e valorar a certificación da xestión forestal como unha ferramenta de comercialización e conservación das masas forestais.



Antes de repoboar, déixese asesorar polo persoal cualificado, xa que é a mellor forma de asegurar rendementos e minimizar riscos.

Repoboación

- ✓ **A rexeneración natural, naqueles terreos arbóreos onde sexa aconsellable e posible, aforre custos e conserve a calidade xenética.** En todo caso, débese garantir a continuidade do arborado nos terreos onde se fixera unha corta cun prazo máximo de dous anos. A Lei de montes 7/2012 establece que non se poden realizar repoboacións no solo urbano, núcleos rurais, solo urbanizable delimitado nin no solo rústico de especial protección agropecuaria.
- ✓ **Prepare o terreo para a plantación de maneira que se minimice a erosión e a compactación do solo,** tendo en conta as necesidades de cada especie.
- ✓ **Introduza aquelas especies máis exixentes nas vagoadas,** que axuden, entre outras cousas, ao establecemento das devasas.

Sabías que...?

As Boas Prácticas Forestais melloran a calidade dos nosos ríos. Isto implica:

- Leitos fluviais libres de lodos e augas máis limpas.
- Mellora das poboacións piscícolas.
- Augas de mellor calidade para abastecemento e baño.
- Favorecemento da capacidade de autodepuración do río.
- Menor risco de eutrofización.
- Mellora da biodiversidade nos ecosistemas de ribeira.



✓ **Deben repoboarse só aqueles terreos con vocación forestal arbórea**, é dicir, os terreos que poden soste vexetación arbórea con certa densidade de forma permanente. A Lei de montes 7/2012 establece a distancia mínima de separación con outros usos.

✓ **Evite as superficies continuas monoespecíficas** moi extensas e coetáneas. **Enriqueza a masa con frondosas autóctonas** e/ou conserve as especies existentes nos claros das repoboacións forestais produtoras, nas beiras das pistas e nas vagoadas.

✓ Elixa adecuadamente as especies. Non introduza especies exixentes en terreos degradados e descubertos. **Utilice sempre plantas ou semente de calidade.**

XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANADERÍA E MONTES		Nº 270005	
<small>Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural Edificio Administrativo San Lázaro-Santiago</small>					
MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN SELECCIONADO					
PLANTAS. NORMAS U.E.					
Especie: _____		Variedade: _____			
Región de procedencia: _____					
Material autóctono <input type="checkbox"/> Non autóctono <input type="checkbox"/>					
Ano de recolleita: _____		Cantidade: _____			
Produtor ou Proveedor: _____					
N.º de Rexistro: _____					
Documento do Produtor ou Proveedor N.º _____				Lote N.º _____	
Material de reprodución recomendado para a zona de utilización _____					

Cores das etiquetas:


IDENTIFICADO
SELECCIONADO
CUALIFICADO
CONTROLADO

As actuacións que realice agora terán incidencia a moi longo prazo. Planifique os tratamentos silvícolas ao longo de todo o ciclo de crecemento.



Planificación, construcción e mellora de pistas forestais

- ✓ As obras deben planificarse co fin de minimizar os seus custos, maximizar o seu rendemento e reducir o impacto ambiental.
- ✓ Realice o **mantemento das pistas forestais existentes**, revisando especialmente o estado dos pasos de auga, cunetas de evacuación e drenaxes superficiais, de maneira que sexan en todo momento transitables. **Non se deben superar, como norma xeral, os 40 m de pista por hectárea.**
- ✓ En pistas de nova construción, procurar que o trazado **siga as curvas de nivel** e que teñan unha **pendente inferior ao 5%**. O seu ancho, incluíndo as cunetas, estará comprendido entre 3 e 5 m e dotaranse dos pasos de auga (polo menos 2 por quilómetro) e cunetas necesarias. Nos tramos con pendente realizaranse cortes transversais cada 50 m dirixidos ao exterior da pista para facilitar a evacuación da auga de choiva, así evitárase a aparición de fochas.
- ✓ A auga das pistas forestais **non se drenará directamente aos cursos de auga** e deberá discorrer entre a vexetación como mínimo 10 m. **Os noiros e desmontes deberán reforzarse no caso de ser susceptibles de derrubamento.**



Un número excesivo de camiños ou pistas afecta a superficie produtiva do monte. Non obstante, as infraestruturas de protección fronte aos incendios forestais son moi necesarias e requiren das dimensión adecuadas.

Sabías que...?

Os bosques de ribeira funcionan como corredoiros ecolóxicos ao facilitar a mobilidade das especies e o intercambio xenético entre poboacións illadas.

Boas prácticas silvícolas



✓ Planifique os labores silvícolas con antelación. Os

resíduos derivados destes labores non se deben queimar no monte, e tampouco se deben deixar restos cun diámetro superior aos 5 cm sen triturar.

✓ Evite o uso do lume ou de herbicidas nas rozas, salvo

que sexa xustificado polo persoal competente.

✓ Teña coidado coas particularidades do terreo,

xa que a maleza pode esconder buratos ou obstáculos que poden derivar en accidentes.

✓ As podas e cortas de formación aumentan a calidade da madeira, ademais reducen a continuidade vertical do combustible no caso de incendio.

✓ Utilice ferramentas que produzan un corte limpo para evitar riscos sanitarios e minimizar a superficie afectada.

✓ Non utilice produtos fitosanitarios ou fertilizantes que non estean legalmente autorizados. Fertilice só baixo xustificación técnica e realizando previamente unha análise do solo para detectar as deficiencias existentes e axustar a dose.

✓ As rozas mecanizadas realizaranse nas épocas adecuadas, de maneira que non afecten a fauna silvestre, e antes das épocas de perigo de incendios forestais.

Maquinaria, seguridade e tratamento de residuos

- ✓ O manexo da maquinaria **require de persoal especializado e formado.**
- ✓ Se subcontrata obras ou servizos a un terceiro, **vixie que se realicen os traballos de acordo coa planificación realizada** e os requirimentos en canto á prevención de riscos.
- ✓ As empresas de servizos **deberán contar cun sistema de tratamento de residuos industriais**, tales como os aceites do motor.
- ✓ Os residuos perigosos non se poden mesturar con outros residuos nin tampouco entre eles.
- ✓ No caso de vertedura accidental de residuos perigosos, **extraia a capa de terra afectada** e deposítea nun recipiente adecuado para o seu posterior tratamento.

Sabías que...?

A vexetación de ribeira actúa de filtro, inmovilizando e metabolizando substancias contaminantes, ao tempo que amortece riadas e reduce a entrada de partículas sólidas no río.



✓ **Acondicione zonas** para o estacionamento, limpeza e mantemento da maquinaria.

✓ As máquinas deberán contar, cando corresponda, coa ITV e o marcado CE. **Non modifique as características nin anule os dispositivos de seguridade.**

✓ A maquinaria deberá estar dotada de dispositivos de **retención de chispas e antichamas nos tubos de escape.** Ademais deberá estar equipada cos medios de extinción de incendios nos termos que estableza a normativa.

✓ **Acenda a máquina sempre dende a posición do condutor** e non transporte persoas ou material se non está habilitada para iso.

✓ En zonas de moita pendente, realice as operacións na liña de máxima pendente para evitar o enforcamento da máquina. Empregue máquinas que posúan cabina ou barras antienvorcamento.

✓ **Manteña e respecte a distancia de seguridade** recomendada para persoas e outras máquinas.

Use o EPI, a súa seguridade é o primeiro





Usos e aproveitamentos sostibles

- ✓ O aproveitamento madeireiro debe ser planificado con anterioridade, e débese solicitar o pertinente permiso de corta.
- ✓ É necesario **demarcar as áreas de seguridade** prestando especial atención á proximidade das liñas eléctricas, edificacións e vías.
- ✓ Evite ocasionar danos sobre o rexenerado existente e sobre o solo. **Débense empregar camiños e cargadoiros xa existentes**, sempre e cando estes non xeren problemas ambientais e/ou sociais, así como reparar aquelas pistas que quedaran danadas.
- ✓ Na medida do posible **evite os bordos de corta en liña recta e deixe pequenos bosques de árbores adultas que interrompan a uniformidade da corta**.
- ✓ **Se aproveita a casca**, non comece o descascado ata que a árbore alcance as dimensións adecuadas (normalmente 25-30 anos) e extraíaa coa periodicidade adecuada (9 anos no sur da península e 12 ou máis anos no norte). **Empregue ferramentas específicas** e realice a saca durante os días de verán húmidos e nubrados para que a actividade vexetativa sexa alta.

- ✓ Se pretende **recoller cogomelos**, infórmese primeiro das especies comestibles existentes. Ante a dúbida non os recolla e moito menos os consuma.

- ✓ Respecte a propiedade privada e sexa considerado, non pise plantas ou flores, remova ou anciñe o solo.





✓ **Fomenta a función recreativa e social do monte,** especialmente nas áreas periurbanas. Se realiza rutas a pé, en bicicleta, a cabalo, etc., sexa consciente das súas limitacións.

✓ **Cando vaia ao monte sexa escrupuloso coa normativa,** especialmente respecto á prevención dos incendios forestais e á conservación dos hábitats.

✓ **O aproveitamento de pastos polo gando en terreos forestais debe estar regulado no instrumento de ordenación ou xestión forestal,** e débese realizar de forma compatible e respectuosa cos demais usos e aproveitamentos do monte.

✓ **Non introduza gando no monte sen consentimento do seu propietario** (art. 86 Lei 7/2012). Este incumprimento está tipificado como infracción grave.

✓ **A pesca fluvial e a caza son dúas actividades destacables no ámbito forestal.** Respecte as limitacións que indica a normativa específica para cada unha delas.

Leitos e bosques de ribeira

✓ As ribeiras dos ríos deben presentar un mínimo de vexetación. **Un bosque de ribeira ben conservado debe dispor dunha banda de vexetación arbórea proporcional á anchura do río** (o ideal é entre 3 e 5 veces a dita medida), co fin de potenciar as funcións como filtro verde, corredoiro ecolóxico e amortecedor de riadas e fenómenos erosivos.

✓ Lembre que as marxes están suxeitas a unha zona de policía de 100 metros e a unha zona de servidume para uso público de 5 m. **Diversas actividades nas marxes, entre elas a corta de vexetación, deben ser autorizadas pola Confederación Hidrográfica e pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.**

É moi importante manter a vexetación de ribeira por todos os beneficios que nos achega.



Sabías que...?

Tanto a toupa de río como o mexillón de río vense favorecidos pola aplicación das Boas Prácticas Forestais, que contribúen a mellorar a os seus hábitats naturais.


Zonas de protección e elementos singulares

- ✓ Calquera persoa ligada directa ou indirectamente ao monte, **debe coñecer se está incluído nunha área de especial protección.**
- ✓ Se é así, coñeza á que figura de protección responde o monte e **respecte as súas normas.**
- ✓ A xestión forestal e a planificación de infraestruturas deberán **prestar atención ás especies de flora e fauna catalogadas, en especial a aquelas que se atopen en perigo de extinción.**
- ✓ **Sexa coidadoso cos elementos singulares do patrimonio histórico, de valor recreativo ou cultural** (dolmens, petróglifos, muíños, fontes, cruceiros, etc.).
- ✓ É conveniente conservar todas aquelas árbores que polo seu tamaño ou antigüidade poden ser consideradas singulares ou monumentais.



Protección da contorna natural

- ✓ **Axude a preservar os espazos naturais,** con especial importancia no caso de zonas que pertencen á Rede Natura 2000 ou outras zonas de especial protección ambiental.
- ✓ **Reduza o impacto das operacións agrícolas e forestais** sobre o medio natural e evite alteracións nos elementos do hábitat (ríos e ribeiras, masas forestais, vías pecuarias, etc.).
- ✓ **Non dane ou capture animais silvestres,** con excepción daquelas especies reguladas na normativa de caza e pesca e aquelas declaradas como praga.
- ✓ **Non libere ou propague no medio natural especies exóticas** (peixes, sapoconchos, paxaros, plantas, etc.) que poidan converterse en invasoras e alterar o equilibrio dos ecosistemas locais e a supervivencia das especies de flora e fauna autóctonas.
- ✓ **Non realice verteduras que poidan** prexudicar de forma directa ou indirecta a calidade das augas superficiais e subterráneas. **Non está permitido lavar directamente os apeiros, cisternas agrícolas, depósitos ou outros utensilios nas bacías fluviais,** polo risco de contaminación que supón para o ecosistema de ribeira.



Edita: Xunta de Galicia

Redacción, fotografía, deseño e maquetación:

M^a de los Ángeles Camino Saco

Fernando Pérez Rodríguez

Esteban Gómez García

Ilustracións:

Elisardo Daniel Barcala Dorado

DL: C 1679-2014



O MONTE NON ARDE SÓ:
O 90% dos incendios forestais son provocados.

**Se ve un incendio
chame ao:**

085

Prevención e defensa contra incendios

- ✓ **Informe inmediatamente da presenza de lume** ou de actividades inadecuadas aos servizos de prevención de incendios forestais (085 ou 112).
- ✓ No caso de actuacións ilegais deberase informar ao Servizo de Conservación da Natureza da súa comunidade ou á Garda Civil (062).
A responsabilidade por causar un incendio forestal é penal.
- ✓ **Manteña as infraestruturas de defensa contra incendios** (devasas, puntos de auga, pistas forestais, etc.) en condicións óptimas.
- ✓ Se queima restos vexetais, fágao na época na que estea permitido e **solicite previamente un permiso nas oficinas do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, por teléfono (012) ou internet.**
- ✓ Se lle autorizan a queima, siga estas normas: realice a queima despois de saír o sol e conclúaa 1-2 horas antes do ocaso, **non a realice con vento ou tempo seco, non se ausente durante esta**, vaia identificado, leve consigo o xustificante do permiso concedido e leve un teléfono móbil para informar de posibles incidencias.

***Gañas ti
Gañamos todos***



galicia



margalulla.xunta.es



**XUNTA
DE GALICIA**